

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 25 ao 29 de maio.

Ola estimados alumnoas: Vexo que algúns/as de vós non me enviáchedes nada de actividades. Vexo que algúns de vós xa me empezáchedes a mandar tarefas de xeografía pero, oh, reconcórcholis! Son alumnoas que xa me estaban a enviar as de historia e que, polos motivos que sexa, esta semana decidirón cambiar. Isto é, segue a haber alumnos que nen de historia nen de xeografía. Bueno, eu máis xa non podo facer, eh? Logo non quero queixas: RESPONSABILIDADE!

steinbeck72@gmail.com

E agora imos coas actividades desta semana para os **alumnoas Históricos**. Imos comezar un tema novo que tamén nos vai levar a un novo século, o XVII ou século do Barroco. Aquí, a diferenza do anterior, ímonos atopar con século de crise: Fames, epidemias, guerras, grandes mortandades, descenso da economía, revoltas sociais, mentalidade escéptica ante a vida. Lembrádevos da crise da Baixa Idade Media? pois o mismiño. Pensades no mundo actual? Ta chán! Ademais este século vai supor un importante cambio de relacións de poder en Europa: o Imperio español comeza a amosar unha importante debilidade, o que vai ser aproveitado por outras potencias (Francia, Inglaterra e Holanda) para colocarse en postos máis relevantes no contexto europeo e mundial. Finalmente, neste século, como non podía ser doutro xeito a mentalidade e o mundo das ideas vai comezar mudar: por unha banda, xurdirá toda unha serie de importantes científicos (Galileo, Kepler, Newton, Pascal, Descartes...) que, fronte as explicacións relixiosas dos fenómenos, van introducir toda unha revolución: o método científico; e, por outra banda, tamén no mundo das artes ímonos atopar cun novo estilo, o Barroco, moito máis retorcido, recargado, teatreiro, tamén negativo fronte á realidade. En definitiva, o século XVII vai ser un punto de inflexión, de xiro, na Idade Moderna. A min, particulamente, gústame moito porque son os períodos de crise onde podo apreciar como as sociedades humanas se enfrontan aos grandes desafíos, son épocas que preceden a cambios importantes, ás revolucións!

Ben, pois imos alá:

- Das páxinas 314 e 315: *Unha época de crise*, faremos todas as actividades, salvo a de USA AS TIC.
- Das 316 e 317: *O declive da Monarquía hispánica*, faremos so a de Claves para estudar.
- E, finalmente, das páxinas 318 e 319: *A fin da hexemonía española en Europa*, faremos tamén todas as de Claves para estudar e, so! o último punto de Interpreta os mapas.

E, a continuación, as actividades para os **alumnoas Xeográficos**.

Imos repasar algunhas cuestións do tema 2: O mundo, unha economía globalizada.

E para iso, actuaremos desta maneira:

- o primeiro será copiar o cadro violeta *Que supuxo a globalización para as empresas?* da páxina 42.
- A continuación copiamos a definición de globalización que aparece na páxina 48.
- O seguinte será completar o esquema da páxina 64 que leva por título *A globalización económica*. Para iso empregaremos a información das páxinas 48, 49, 50 e o mapa da parte superior da páxina 54: Países avanzados, emerxentes (BRICS) e en desenvolvemento.
- Finalmente, para rematar, faremos as actividades Claves para estudar da páxina 53, sobre as consecuencias da globalización.

Espero que sigades todoas ben e vos animo a que me mandedes as actividades a aqueles que aínda non o fixeron nunca: É unha experiencia cuasi relixiosa. Dou Fe!

Veña, campeóns, ánimo, forza e saúde!!!